

LIMIAR

Entre as lembranzas lúdicas máis potentes dá miña adolescencia consta a hora diaria de autobús dende o Val Miñor, lugar de residencia, ata Vigo, cidade onde estudaba. Sentado sempre a carón dunha ventá, a imaxinación, sen esforzo detectable, apropiábaseme do maxín até facerme esquecer a paisaxe real exterior e a variada poboación que, tan cedo, ocupaba o interior da primeira viaxe da liña de ATSA. Despois, rematada a etapa adolescente, soñei con facerme xornalista; pero só o soñei.

E, tanto tempo máis tarde, nese soñar seguía cando, hai por estas datas un ano, Miguel Anxo Mouriño convidábame a participar en *Colaboracións Literarias*; unha nova ventá informática de difusión que estaba a preparar dentro da sección “*Filoloxía e Literatura*”, do Instituto de Estudos Miñoranos, dirixida por el.

Tras pensalo, aceptei; baixo condición de que Miguel habería de manter absoluta reserva sobre a identidade da autoría; o único dato publicable sería o correspondente á sinatura dos textos. Así se fixo.

Co tempo, foron xurdindo unha serie de minúsculos relatos de ficción os cales, obviando anecdóticas aparicións cruzadas de personaxes, só se relacionan entre si de xeito consciente e buscado, aínda sexa con distinta intensidade, a través da paisaxe; un mesmo medio urbano quere servir de escenario referencial a todos eles.

Mais, antes de que estivesen catro relatos ao alcance do lector, Carlos Méixome detectou o vínculo da paisaxe. Cando ían seis xa tomara a teimuda decisión de publicalos, a xeito de colección, na próxima Revista de Estudos Miñoranos, ou sexa, nesta. Ao seu tempo, contactou con Miguel Anxo para que dispuxese, e Miguel fixo o propio comigo: pedíume un título xeral, e gustoume **Orballo vermello**; pedíume unha introdución, e achego esta; aconselloume retirar a máscara, e fágoo, para quen teña interese en ver que oculta, a través deste medio.

xaneiro de 2014

ÁS 7,30 DA MAÑÁ

Escurece. É outubro e aos días xa se lles nota a inminente chegada do outono; renden menos. Esta particularidade hoxe foi especialmente notable debido ao encapotado que estivo, aínda así a temperatura, a esta hora do serán, é moi agradable.

Dona Amelia está inqueda, ansiosa. Apenas restan minutos para o comezo da misa e non atina coa decisión a tomar. Sabe que as súas frecuentadas veciñas, a mestra e a farmacéutica, non agardarán moito máis. Asómase ao balcón, pero pouco arranza. A través das camelias do xardín só consegue ver a azulexada casa de tecidos e, máis alá, como pasean dous vellos sen facer caso dos coches que de cando en vez parecen querer incomodalos. Ao lonxe, por riba dos tellados, a silueta da serra. Nada máis; a vila abafa coa calma. Entra de novo na casa, recolle o exemplar de *Madame Bovary* que estaba a reler, e baixa á sala de estar.

Dona Amelia é unha muller de sesenta anos longamente cumpridos, que, segundo lle gusta dicir, equivocadamente, segue sendo señorita. Viste de xeito discreto e leva o cabelo pulcramente peiteado, cortado en media melena, e tinguido de louro día tras día; sempre igual. Din na vila que dona Amelia nunca coñeceu home, que a cotío viviu no anhelos. A súa compañía, invariablemente, foi a soidade, e séguelo a ser, agora máis que nunca, nesta gran casa herdada. Nin sequera a biblioteca, ben abastecida en autores do XIX e primeira década do XX, que o pai lle deixou, lle aplaca a dor das ausencias; unicamente atopa algo de sosego nos pequenos percorridos diarios que, coa desculpa de asistir á misa das oito, leva a cabo de ganchete das súas dúas amigas. Esta minúscula dose de calor humana, e chismes sociais, é a que hoxe está a ver fuxir por culpa de Casilda.

Casilda é unha rapariga de apenas dezaseis anos; fraca, feble, pouca cousa fisicamente pero aguda e soñadora. Quedou orfa de nai ao cumprir os once e nunca coñeceu quen foi o pai. Antes de entrar a servir na casa de dona Amelia, hai dous anos disto, viviu cun tío segundo, avaro e mesquiño, que a explotaba e pouco menos que mataba de fame. Dona Amelia, ao contratala, suavizoulle a vida no aspecto físico e, ademais, procurou que afianzase os poucos coñecementos adquiridos na escola en vida da nai, o que lle proporcionou máis dunha emoción e suculentos praceres que, aínda narrados no XIX, a marabillaban no XXI.

Pero hoxe Casilda estaba a ser un auténtico martirio para dona Amelia; e xa non era a primeira vez. Saíra recoller unhas mercadorías e, despois de dúas horas, inda non daba sinais de vida. Desesperada, a señora finalmente decide irse. Cruza o xardín axiña e xusto antes de chegar ao portal do predio ve vir a rapaza.

- *Por Dios! De dónde demonios vienes a estas horas?* Inquírelle. Sen esperar resposta, recunca.

- *Me tengo que ir. Es tardísimo!. Ya hablaremos tú y yo!* E, furiosa, desaparece tras a cancela camiñando rúa arriba.

Casilda seguiu inmóbil durante uns segundos, estaba atordada. De súpeto reacciona bruscamente.

- *Bocanegra, para xa!* Bérralle ao can da casa, un pastor alemán tan triste e doente de soidade como a ama e coma ela, que se desfecía ladrándolle a unha gata negra oculta na beira contraria da cerca.

A rapariga trata de acougar, procura lembrar, e mentres se encamiña amodo cara á casa volve sentir como, ultimamente, todos os seus males se lle están empezando a curar cos fogosos “achuchóns” de Ataulfo, un rapaz que soña con ser cociñeiro. O mozo que, despois de atreverse un día a ofrecerlle as alboradas de toda a súa vida, faille perder a noción do tempo.

Soa o reloxo aos pés da cama, vai frío, está escuro, húmido. Casilda esperta.

marzo de 2013

MELITÓN BENEDETTI

Aparca o coche nunha das prazas da vila, báixase, observa a arquitectura que a fecha e, cotexándoa coa almacenada na súa memoria, decátase de que algunhas das edificacións mudaron; en xeral, todo lle parece máis pequeno, até as árbores. Saca do vehículo unha maleta, deseguido, sen apuro, tenteando a dirección coa vista, ponse a buscar a casa que sempre lembrou como fabulosa tras visitala en compañía dos pais aos cinco anos. Acha o descomunal piñeiro manso que preside o xardín e dá por feito que localizado este, atopada aquela.

Dende a rúa, durante uns segundos, contempla outra vez a obra que sempre tivo por excepcional e que agora, véndoa, o desilusiona un pouco; enganos da percepción de infancia. Logo, atravesa a branca cancela metálica e irrompe no soportal que dá acceso ao vestíbulo. Preme o timbre. Mentres espera, xírase e observa con pracer o variado arboredo que puntúa e contorna a horta, apenas un migallo máis alá, e detén a vista durante un tempo curioso no maxestoso porte dunha vella ameixeira; en toda ela, só detecta unha única flor. Por un intre, séntese invadido por unha imaxe lóstrego na que un moucho, na escuridade máis absoluta, cos ollos como lúas cheas, escudríñao fixamente. Son as dez e dez da mañá do tres de marzo.

- *Quen vai?* Escóitase na outra beira da porta, ao tempo que desfechan.
- *Hola, buen día. Soy Melitón.*
- *Melitón? Es o único Melitón do mundo? De que Melitón me estás a falar?*
- *Melitón Benedetti!... El sobrino de Cándido Crisanto!* Contesta.
- *Ai, Deus! Quen te ía recoñecer? A quen saes de alto? Pasa, pasa. A ver se o teu tío dá creto de ti?. Pero, que milagre; Santa Lucía bendita. Quen así fala é Deorinda, unha muller de mediana idade, con cara e ademáns de meiga, que dende nena serve na casa de don Cándido. Deorinda non podía crer que o fillo da irmá máis nova da finada muller do seu señor, despois de catorce anos, viñese visítalos, sen avisar, dende Montevideo.*

Tampouco o tío recoñeceu a Melitón. Estaba almorzando no comedor e a visita colleuno por sorpresa. Unha vez clarexada a identidade do mozo saudouno efusivamente, aínda que quen o coñece sabe que isto pouco significa; don Cándido é antigo prisioneiro da hipocrísia. Fora un home de acomodada vida e, ata certo punto, influente posición social; tamén, un home que sempre viviu cun peso inmensurable na alma por non ter descendencia. Convidou a un café con leite, acompañado de

pan con mel, o recién chegado e en canto remataron, segundo tiña costume dende a xubilación, vai para dous anos, propuxo ir gorecerse á galería. Atravesaron a sala de estar, de altos e moldurados teitos que a Melitón semelláronselle máis baixos do que lembraba, e saíron á dependencia acristalada. Unha vez acomodados, inician unha conversa que só se vai interromper cando, horas máis tarde, Deorinda os avise para o xantar.

Logo da sesta, don Cándido sae a dar un minúsculo paseo co obxecto de achegarse ao Café Central para tomar un cortado, e unhas pastas, que se xogará ao billar con quen se lle cruce. Séntese seguro neste xogo, poucos no lugar o dominan coma el. Sábeo.

Melitón non botara a sesta, non ten costume. Optou por desfacer a maleta, coller o portátil e tornar á galería, a única peza da casa que conseguira manter o tipo ante os seus recordos. Orientada a sur e compartindo espazo co piñeiro manso, amosábase ampla e luminosa, tiña todos os maineis resoltos con vidros verdes e violetas, o que propiciaba unha sorprendente, exótica e animada atmosfera interior, e, dende ela, acadábanse vistas de privilexio sobre o xardín e a vila. O rapaz non saíu da súa gaiola de cristal en toda a tarde. Despois, deitouse cedo.

Pola mañá, degoirado, baixa á horta. A temperatura, de igual xeito que acontecera durante toda a noite, segue a ser estrañamente excepcional. Pasea, detense entre os cítricos e inunda os pulmóns de aire, observa amodo algunhas árbores que coñece do seu pequeno país riopratense, e fica pasmado ante a ameixeira: trocárase en imponente, delicada e ingrátida mancha branca. Sen razón aparente, os grandes ollos do moucho, de novo, apodéranse do maxín de Melitón.

Ás dez e dez volve entrar na casa e volve atopar a don Cándido almorzando. Saúdanse, senta, sèrvese mel no pan e, namentres o dono da casa se queixa da mala noite que pasou, el, tranquilamente, escóitao; segue con atención as explicacións daquel vello altivo e petulante ao que tanto aborrece a súa nai. Non obstante, Melitón nunca lle dirá ao tío que tamén é o seu pai.

marzo de 2013

NO PEIRAO

O tanxido grave da campá invádeo todo, e o narrador, que o oe, non sabe que pensar da supervivencia desta sorte de comunicación, tan ancestral, nos tempos da informática; se cadra cumpre a súa función. El treme.

Ás dez da mañá, o mesmo cá maior parte dos días de xullo e os únicos dous transcorridos de agosto, Calisto, con roupa limpa, xa almorzado e amosando unha raia perfecta que intenta poñer orde no rizado cabelo louro aínda mollado, pasa pola casa do seu mellor amigo para, unha vez xuntos, librar unha xornada máis de aventuras estivais. Dende hai tempo úneos unha amizade limpa, inquebrantábel, desas poucas que se dan na infancia, ou na puberdade, e dura toda a vida.

Calisto é un rapaz de nove anos longos, case dez -casualmente a mesma idade do amigo-, sen nada de particular no físico a non ser as secuelas arrastradas dende hai

algo máis dun ano como consecuencia dunha aciaga caída de bicicleta: cando sorri non atopa xeito, nin tampouco o busca, de agochar o buraco en uve que lle deixou o incisivo esquerdo ao partirse. É intelixente, moi impulsivo, rápido, de ego un pouco descontrolado, e a cotío actúa como o xefe da tribo se ben, no seu interior, sabe que o verdadeiro líder é Puscas, o amigo. Puscas, tamén intelixente, é sosegado, reflexivo, imaxinativo, soñador e co suficiente criterio como para deixar que Calisto se siga comportando como o mandamáis, polo menos naquelas cuestións que o mesmo lle dan. Moreno e tan fraco como o seu camarada, segue a ser o dono da bicicleta que lle custou medio dente a Calisto, por culpa da enfermiza necesidade de ser o primeiro sempre e en todo. Isto mesmo fora o que en máis dunha ocasión lle carrexara problemas con Ataúlfo, o irmán maior, quen, coñecéndolle a debilidade, algunha vez, por entreterse un pouco, forzaba a situación se ben, idade manda, o que realmente lle importaba a Ataúlfo non era *chincar* ao irmán pequeno senón poder pasear todas as mañás pola praza de abastos entre peixes, froitas, hortalizas, carnes e especias á vez que se deixa contemplar, con probado éxito, polas rapazas que van á compra ou acompañan as nais. Ataúlfo sempre se sentiu instintivamente atraído polos cheiros e os sabores; sempre creu ter clara a vocación culinaria.

Como cada día, a nai de Puscas, máis preocupada cá de Calisto, déixaos saír da casa a condición de que non se movan da sombría e tranquila praza, pero é consciente de que, moi a pesar das repetidas confirmacións dos pequenos aos seus requirimentos, non o cumprirán. En canto chegan Chisco, xordo de nacemento, e Xacobe, ao que lle din Xaco, Calisto, como tantas veces sucedera a pesar de que el nunca se bañaba, propuxo ir ao peirao, lugar mítico de encontro infantil e xuvenil onde, desdicindo o nome, non existe embarcadoiro ningún; nin existiu. De camiño úneselles Tupa, con once anos o maior de todos e o menos agudo.

Levaban preto de media hora falando e tomando o sol en coiros, tombados sobre a herba dun claro da fraga, a carón do río, e coa mesma Xacobe, seguindo un estival ritual entre eles, propón concursar a ver quen a ten máis grande. Un a un, colócanse de pé e case de perfil respecto á dirección do sol e, tentando non inclinarse, marcan sobre a coxa a sombra que orixinan os púberes xenitais. Este método de medición, segundo cren, ao facelo proporcional respecto á lonxitude da coxa, resolve os desaxustes debidos á diferenza de idade; néganse a recoñecer que en realidade é moi pouco científico. O único certo é que tanto Puscas como Calisto nunca gañan, ambos os dous, resignados, confórmanse decote con desprazar toda esperanza a unha futura sesión.

Aínda discuten os resultados cando escoitan como alguén, a berro pelado, chama por Puscas e inmediatamente todos menos Chisco, naturalmente, recoñecen ao instante a João, o amigo lisboeta, que un ano máis chegara á vila de vacacións. Moi pouco despois xa o ven, río abaixo, entre as ruínas dos antigos muíños hidráulicos; acompañao a irmá, Constança. Instintivamente, Calisto gabea con rapidez e habilidade polo seco madeiro de amieiro, derrubado por un temporal sobre ambas beiras do río, ata alcanzar o centro da canle e xuntando as palmas das mans mergúllase na auga sen apenas estilo. A ansia de Calisto por ser o primeiro ante os ollos de Constança, a rapariga de trenzas perpetuas que non lle prestaba a máis mínima atención, fíxolle esquecer que inda non aprendera a nadar.

2 de abril de 2013

A MACEIRA E O MERLO

A estancia é máis ben pequena, ten piso e teito de madeira e posúe unha soa fiestra orientada ao norte, non obstante a luz é cálida; chega procedente do mediodía e do poñente a través de senllas portas montadas con vidros impresos da cor do mel. O espazo está ocupado por catro amplos butacóns, colocados de dous en dous, e unha mesa, non demasiado alta, enriba dunha alfombra de xenerosas dimensións. Nas paredes, óleos, no chan, cerámicas de gran tamaño, e nos andeis da librería que cobre totalmente un lateral, unhas cantas decenas de exemplares de literatura e historia e moitos recordos enmarcados.

No centro da sala, de pé, a propietaria da casa, unha muller case octoxenaria, inclinada sobre a mesa, dobra con suma delicadeza a minúscula roupa do máis pequeno dos netos empregando, só, os dedos polgar e índice de cada man. Unhas mans cansas, agretadas polo traballo, sucadas polos anos e torturadas pola artrose, que se afanan en alisar repetidamente as pezas pregadas para, a seguir, amontoalas nunha esquina da mesa como preludio ao encaixonamento clasificado. Lúa, muller perseverante e de lealdade monolítica, de cando en cando e sen necesidade de interromper a tarefa, mira de esguello para o sofá no que adormece o seu marido mentres, á vez, conversa coa visita que ocupa outra das butacas. Faino segundo lle ensinaron na afastada infancia, procurando transmitir unha tranquilidade e un ánimo que nin remotamente sente dende xa non lembra cando.

O home que dorme na butaca coa cabeza caída sobre o peito e un imperceptible fio de cuspe sucándolle o beizo inferior está enfermo de vellez e desmemoria, algo sempre terrible, máis, se cabe, para quen en plenitude bebía a vida a tragos de balea; para un individuo intelixente, práctico e ousado que, por caso, sempre alardeou de ter descuberto e desmontado todos os interesados e hipócritas envites do influente veciño don Cándido Crisanto. Agora, a natureza decidira que case noventa anos son demasiados para o grandeiro e pesado corpo de Xosé Murallas.

Logo dun tempo, Lúa decide ocupar a butaca contigua á do marido, mírao, cóllepelle unha man e apelando a toda a paciencia que posúe, que non é precisamente pouca, consegue espertalo. Lúa, sen aumentar a cadencia coa que deposita as palabras, segue falando e falando, e cando leva máis dun cuarto de hora facendo apoloxía das batallas diarias do neto e dos progresos léxicos que este demostra, cambia supetamente; incorpora como tema os problemas sociais e económicos que a xeito de explicación e tamén de desculpa lle contara, días atrás, a dependenta da peixaría cando se queixou do prezo desorbitado que lle pedía por unha pescada do pincho. O asunto contable, sen pretendelo, fixo reaccionar o marido, quen con visible esforzo se sobrepón á dificultade.

- *Cando era novo..., un día, na vila, formaba parte dunha reunión de adultos na cal levaba a voz cantante Ramón do Roque..., eu limitábame a escoitar. Falaban de penurias, dificultades económicas e dos abusos a que se vían sometidos. Foi entón cando Ramón fixo aquel lúcido comentario que inda hoxe lembro. Estivera emigrado non sei en que país e, daquela, despois dunha longa xornada de traballo, mentres paseaba nun solpor de verán por un barrio pobre da poboación na que vivía, mira pasar a caballo, ao galope, unha parella da policía, ...uns gardas perseguindo a non se sabe*

quen. Un nativo que os ve como Ramón os vira, ao chegar a pé del dille: “¡Andan os ladróns tras os que rouban!”- Xosé mira para a muller, en tanto na face mantén o ricto de quen acaba de relatar algo transcendente, ou que, cando menos, a el parécello, e sorri. Cala uns segundos, coma se estivese a saborear algo delicioso, e sentencia:

- ¡Qué palabra máis fina!- tómase outro tempo, miúdo, e asente para si.

Deste inesperado xeito -empregando os termos ao seu antollo, ou ao seu entender, que tamén é posible-, quixo evidenciar a admiración sentida pola expresión. Despois vólvese mergullar no silencio coa mirada perdida na librería.

O visitante, que ama a parella dende mesmo antes de saber que a amaba, obsérvaos, agora a ela, agora a el, e volve, e non distingue, nin conseguiría facelo inda que no intento lle fose a vida, se a escena lle produce alegría, desacougo ou tristura; así e todo, nas entrañas sente o aguilloar da impotencia, un baleiro sen límites, denso e opresivo. A través da ventá, ao lonxe, tras máis dunha ducia de estreitas leiras e dando xa entrada á vila, ve sobre o río a medieval ponte de pedra coroada por un estragado peto de ánimas; ninguén a cruza. Máis preto, unha maceira imponente co toro e as pólas cheas de carriza e vida mostra os primeiros brotes do novo ciclo. Sobre unha das pólas, paralizado, repousa e agarda dende hai tempo un merlo adulto, un refulxente buraco negro no que con moito esforzo apenas se consegue localizar unha feble candeia amarela.

14 de abril de 2013

LILA DE COMALA

- *Hola, me llamo Lila. ¡Qué pueblo este!, tan distinto de Comala. Todavía no he tenido tiempo de pasearlo y menos aún de confraternizar con sus habitantes, pero es patente la gran diferencia entre ambas poblaciones, son atmósferas antagónicas, aunque, a decir verdad, una cosa les une: en Comala vive la muerte y aquí, presiento, desea asomarse. De allí vengo, me acabo de instalar. ¿Y su nombre?*

Así arrancou a relación. Xa se agochaba o sol daquela tarde de xullo cando Domingos, sen saber exactamente a que, decidiu saír ao balcón no que apenas quedaba sitio para el de ateigado que o tiña con testos repletos de xeranos, todos vermellos. Facíao a miúdo, era un máis dos moitos e pequenos rituais diarios deste fumador desaforado afeccionado á lectura. Un home que non coñecía máis poboación cá súa, nunca saíra da vila, nin sequera para ir á *mili*, encomenda obrigatoria no seu tempo; rexeitárono por ter o maxín un pouco mareado, isto a pesar das súas reiteradas protestas aducindo non sentir tal indisposición; Domingos estaba en tratamento médico dende neno. Pero esta vez o destino deparáballo un encontro inesperado que lle ía mudar a monótona vida: dende unha ventá aberta de par en par na primeira planta da casa de en fronte, de pé e coas mans suxeitas ao peitoril de ferro forxado que lle dá parapeto, mírao atentamente, e ao pouco fálalle, unha muller nova e bela que tamén lle quixo parecer un tanto enigmática e incorpórea.

A casa da rapariga, *Villa-Esperanza*, construída en pedra de granito a principios do XX, posúe planta baixa a comercio e dúas máis a vivenda en réxime de aluguer; na segunda, ao vento sur, unha estragada galería, a poñente, sinxelos balcóns; na primeira, sen balcóns nin galería, alóxase Lila. A fachada principal consta de tres ocos por planta abertos case de chan a teito, todos aliñados verticalmente, e con linteis en forma de arco rebaixado. Na fachada posterior, a nivel da primeira planta, un bucólico e decadente xardín a uso e gozo do capricho da inquilina. Na outra marxe da rúa, cunha planta menos, a casa de Domingos; ambas as dúas emprázanse á altura do antigo forno do cal, un pouco afastadas do resto do casarío, xa á saída da vila.

A muller non é nin alta nin baixa, segundo criterio de Domingos. Ademais, loce un moi longo, abundante e lustroso cabelo negro e posúe unha pel escura e brillante, tirando a cobreada. Anda sempre descalza pola casa, mantén contras e ventás abertas noite e día, só pon vestidos brancos que a cobren ata os nocellos, nunca cinguidos, acompaña as comidas diarias con leite animal, e cada vez que urina no váter retira as humidades adheridas á lanuxe pubiana aplicándose o secador de pelo; non usa roupa interior. Durante o día dedícase a debuxar nas paredes e teitos encalados da casa, con ceras verdes, azuis, negras, vermellas e amarelas, motivos complexos e paisaxes pouco familiares para Domingos quen, dende que a descubriu, consagra a totalidade da xornada á contemplación do seu quefacer. Cando chegan as doce da noite apaga todas as luces e ao mirón non lle queda máis remedio que conformarse con escoitar a música *tex-mex* que a un volume imperceptible soará ata os primeiros albores.

Hoxe, transcorridos vinte días do casual encontro, Domingos, fóra de si e fumando coma quen está posuído por unha avidez tal que aniquila a vontade, quéixase amargamente ao sarxento da policía local, que o escoita facendo uso dunha paciencia infinita:

- *Debeu acontecerlle algo, porque xa hai cinco días que non a vexo. ¡E de noite tampouco se oe nada! Tes que indagar, debes ir ata a casa,... vai a pé dela, tes que atopala,... anda - repite e repite a xeito de salmodia sen perder a esperanza de acadar o propósito.*

- *Pero, ¿Como cho teño que dicir Mingos? Hai máis dun ano que non vive ninguén na casa. Xa falei coa propietaria o primeiro día que mo dixeches e tamén xa che contei que, moi ao seu pesar, ninguén lla alugou dende hai trece meses. De todos os xeitos acouga, vou ver que podo facer.*

O sarxento, que regresara dunha viaxe cinco días antes, mentres camiña procura sosegarse e quitar da cabeza, do corazón, dirían outros, aquela sensación de congoxa e afoxo para poder pensar con claridade. Aínda lembra un episodio similar, e as múltiples sesións de terapia que iso supuxo, acontecido anos atrás, tamén como consecuencia do desleixo de funcións da persoa encargada de vixiar a diaria medicación matinal do seu infeliz irmán, durante outra curta ausencia.

21 de abril de 2013

ALCIRA

“Remite a calor vespertina; fenece a tarde. Nesas, sen finxir, sente o rozar dunhas mans suaves e cálidas e instintivamente separa as coxas. Unhas coxas pálidas e magras, sen muscular, afiadas como tristeiras evocacións de patas de garza, agora xa abandonadas á súa boa sorte. As mans móvense con parsimonia e delicadeza sobre un ventre que, sorprendido, compórtase como sempre se comportan os ventres aflixidos por unha respiración confundida e axitada; despois, afoutadas, deciden remontar paseniño centímetros de pel co anhelo de acadar aqueles espidos, trementes, encrespados e miúdos seos, ocultos baixo a humilde tea dunha cinguida camiseta negra, de asas, serigrafiada en branco. Conségueno, pode que torpemente, e instálanse con curiosidade. Alcira, paralizada, sentada na beira da canle de granito que abastecía a vella presa de regadío de Seidóns, mantén os brazos estarricados, as mans apoiadas na pedra, e fechados os ollos, mentres uns beizos coñecidos e húmidos lle depositan lascivas caricias nos ombreiros e pescozo. En tanto se deixa facer, non son esas as únicas humidades que sente. Ao compás, oe o monótono croar de ras e percibe ulidos a excrementos de vacún. Gústalle. Seica goza.”

Coñecina no Conservatorio de Música de Gondomar pouco despois de que os pais decidisen trasladarse ao pequeno apartamento que mercaran na vila para os tres; era principio de curso, hai cinco anos. Axiña me fixei nela. Eu, que teño a súa mesma idade, naquel tempo xa era de maior estatura ca ela e, loxicamente, máis forte. Alcira, soñadora e imaxinativa, reflexiva e reservada, aos catorce anos apenas tiña carnes enriba da harmoniosa osamenta e case nunca saía da casa sen recoller o pelo nunha curta e solitaria trenza; posuía un cranio fermoso que non gustaba decorar con aditamento nin peringallo ningún. Este apego seu á idea de manter núa toda a cabeza como rango máximo de beleza segue vivo a día de hoxe, ata tal cume que, dende hai máis dun ano, ela mesma se encarga de que o cabelo que lle pobo a testa non vaia máis alá do medio centímetro de lonxitude.

Asistíamos a institutos distintos e tras unhas primeiras semanas de tenteo comezamos a procurar atoparnos ao remate das clases. Coa chegada da primavera decidímonos a xirar pequenas excursións polos arredores da vila. Paseabamos, frecuentabamos paraxes e charlabamos. Cada día colgábame un pouco máis dela, e quería crer que a ela lle pasaba o mesmo comigo. Só vela, aparvábame. Fascinábame a súa afección a comer ervellas crúas acabadas de sacar das vaíñas, roubadas nas hortas que atopabamos ao paso, ou ver como, de xeito obsesivo, poñía a proba a sensibilidade auditiva intentando recoñecer diferenzas e matices no croar de distintas ras dunha mesma poza; pasabamos horas observando máis dunha, tempo que eu tamén consumía en contemplala a ela, con discreción desmedida, e en cansarme fisicamente de tanto tremer por culpa da súa proximidade, fragancia, e da súa temperatura, catada cada vez que inocentemente, ou quizais non tanto, rozabamos a pel.

Precisamente foi nunha destas saídas ao campo, a mediados de xuño daquel curso, cando sucedeu por primeira vez. Aínda hoxe non son quen de explicarme como pasou e moito menos como me atrevín, pero aconteceu; carallo se aconte-

ceu. Lembro que á tarde seguinte, Alcira, que na vida real só atende por Moraima, entregoume unha pequena caixiña de cartón, selada hermeticamente dentro dunha bolsa de plástico transparente, a condición de non abrila ata que estivese na soidade do meu cuarto. Gardaba unha folla de caderno pautada, algo engurrada, dobrada con precisión e fortemente impregnada do seu cheiro corporal, na que, escrito con bolígrafo azul, podía lerse o texto que inicia este relato. Días máis tarde, confesoume que necesitara facelo para compensar non ter sido ela a primeira en atreverse. Ante a miña insistencia, tamén me clarexou que a engurrada folla de papel desprendía o seu aroma persoal porque, tras derramar sobre ela do mellor xeito que atopou as emocións vividas, tivéraa toda a noite pegada á pel, baixo o pixama.

Ao cumprir os dezaoito, nin un migallo máis aló, Moraima decidiu seguir profundando no campo da música; eu, de actitude máis pragmática, encamiñeime ao mundo empresarial. Ela sabía da existencia, na Toscana, dun profesor que era un referente internacional, e quería frecuentalo; a min dábame igual onde estudar económicas. Levamos un ano en Florencia.

Hoxe, o profesor convocara a Moraima en San Gimignano, onde está a pasar uns días na casa da irmá menor, para entregarlle unha partitura que desexa empecce a ensaiar. Mentres se produce a entrevista, espéroa á porta dunha pequena tasca situada baixo unha das catorce torres medievais que inda se conservan das setenta e dúas que existiron na cidade. Tras hora e media de espera e tres “chianti” trasfegados teño seriamente mareado o sentido, pero iso non me impide ver como a miña noiva, en sandalias de coiro, roupa “beige” e acubillada tras uns anteollos de sol marróns, con montura fina de pasta, se aproxima cruzando a praza a grandes zancadas. Belísima. Moraima, sempre cortés, descúlpase.

- *Ola Clara, meu amor. Perdoa a tardanza.*

4 de agosto de 2013

LA FLOR MARCHITA

Baixa a escalinata granítica que dá fronte ao cemiterio cando se decata de que, como case sempre a esas horas, non hai ninguén na rúa. Só un can negro e visiblemente tísico camiña a tombos ás súas costas. Óeo, mírao, e non lle fai o máis mínimo caso; xa ten dabondo co seu, pensa. Son as sete e media da mañá, poalla, a luz natural é gris e débil, a temperatura baixa, e a humidade ambiental moi alta, isto último tamén como case sempre.

Lloso, a quen todos coñecen polo apelido dende que chegou á vila, vai alá para quince anos, mentres descende na procura das ribeiras do río, lembra a redonda silueta da lúa chea que a noite anterior viu recostada sobre a torre da igrexa cando, polo mesmo lugar, subía ben cocido en dirección á casa. Era de madrugada, xa facía frío, e quixéralle parecer que o ceo estaba a callarse de nubes.

Lloso, quen logo do cotián paseo matutino, e antes de iniciar a xornada, sempre toma unha cunca de chocolate mentres le o xornal nunha das cafetarias próximas

ao río, coma se dun rito relixioso se tratase, é un home corrente, deses que se converten en invisíbeis aos ollos dos demais, se ben el nono sabe. Un corentón reseso, moi delgado -en xustiza, seco-, de non moita estatura, pendurado a tempo completo dun bigotiño ridículo -sempre cheiran a ridículo, ou a fachendoso, para o caso a mesma cousa, os bigotes masculinos-, de carácter reservado, fuxidío, e sen amizades coñecidas; un tipo eternamente aldraxado e misteriosamente humillado. Un home que só se solta cando inxire un vaso de máis; entón faino con quen fortuitamente comparta barra calquera anoitecer. Non é amigo de destilados, prefire o viño. En realidade, suspira polo Porto da calidade *vintage*, pero a feble economía na que vive non lle permite ir máis aló do *blend*, caldo que, como ben aprendera na trintena, consome sempre por botellas completas, e fai acompañar de froitos secos e figos pasos, un gusto discutible. Cando a cantidade de Porto é a axeitada, cousa altamente improbable antes das once da noite, pero bastante habitual recentemente, nas súas disertacións invariablemente emerxe a figura do proxenitor.

Lloso, hai tempo que rexenta un pequeno negocio anunciado como de brinquedos tradicionais, letreiro que a todo ver non fai cousa distinta á de agochar a atracción obsesiva do tendeiro polas bonecas, unha das varias que padece. No antigo e reformado matadoiro de reses, unha edificación pétreo que mostra ao exterior, na madeira das ventás, a cor vermella que tamén tinta as táboas e correas constituíntes das paredes, teitos, claraboia e chans do interior, poden atoparse mocas de todo tipo, lugar, tempo e prezo. Hainas de papel, de trapo, de madeira, de cordel, de marfil, de metal, de goma, cerámicas, plásticas e combinadas. Algunhas son feas, outras desacougantes; as máis, anódinas; excepcionalmente, belas. Precisamente foi neste lugar onde Lloso coñeceu a Herta, a muller, tras repetidas, silenciosas e admirativas visitas ao lugar por parte da rapariga.

Herta é unha femia fermosa prendida dos brinquedos ansiados na infancia. Ten trinta e tres anos, o cabelo louro, supera o metro setenta, altura a miúdo estarricada polos tacóns de agulla aos que tanto lle gusta subirse, posúe anchas cadeiras e, de natural, camiña cunha cadencia poderosa á vez que, aínda sen pretendelo, insinuante. Herta, xordomuda de nacemento, traballa actualmente no posto que ata hai sete anos ocupou o pai en *La Flor Marchita*, unha floraría da vila. Este traballo deulles de comer durante os últimos dezaseis anos; concretamente, dende que o pai, tras enviuar, decidiu abandonar Romanía e o azar arrastrouno ata a localidade acompañada da filla; a súa única familia. Agora Petru, tras un mal accidente, descansa no mesmo cemiterio ante o que Lloso ultimamente pasa ensimesmado e ansioso, varias veces ao día.

Dende o intre en que a muller lle fixo saber que esperan un fillo varón a actitude de humillado pareceu medrar e, malia que entre as súas obsesións se conta un enfermizo apego pola concisión na onomástica, xurouse que xamais permitirá chamarlle ao fillo polo nome que o seu pai escolleu para bautizalo a el: Pío; unha crueldade do destino.

7 de decembro de 2013

O CADERNO DE VIAXE

Sentada nunha terraza da Alameda, á sombra dun pradairo, X rumia a propia indecisión. Pouco despois, pide outra botella de cervexa. Ana, dilixente, tráella ao intre. X, sen cerimonia, sêrvea curta de escuma e toma un grolo longo mentres intenta sentir a cálida temperatura matinal e aprehender a viva luminosidade do día, pero cústalle; está inqueda, alporizada. Volve rescatar o caderno de capas vermellas pregado enriba da mesa e, ansiosa, volve abri-lo ao chou, agora polas primeiras páxinas.

“...Hai un anaco que Eme se ergueu. A través da ventá, contempla con pracer o espectáculo ofrecido polos vellos tellados de lousa do casarío da rúa da Auga rodeados por montañas a non moita distancia. Xa é outono e, aínda sendo pola mañá cedo, ao sol xa se lle puxo a luz amarela. A paisaxe deixase tinguir.

De súpeto, Eme saca un pequeno caderno da bolsa de viaxe, ábreo por unha páxina en branco, e comeza a tomar notas. Espida, está sentada nunha cadeira corrente que forma grupo coa reducida mesa na que apoia o caderno. É unha muller de mediana idade, nin gorda nin fraca, máis baixa que alta e cuxo ben debuxado rostro aparenta dez anos menos dos xa vividos. Os seus ollos escuros, que sempre foron grandes, dun tempo a esta parte parecen máis pequenos. Os seus ollos hai tempo que veñen sendo colonizados por unha especie de tristura propia daqueles seres a quen a vida vailles podando o ímpeto e as ilusións. Non obstante, hoxe está contenta. A Eme sempre a poñen contenta as viaxes.

O acompañante, inda tombado sobre a cama, obsérvaa. Acaba de espertar e en total silencio contempla aquelas costas escasas, morenas e ausentes de marcas, que confirman un gusto recente de Eme por tomar o sol totalmente desprovista de roupa. Detén a mirada no abondoso, brillante e, na distancia, negro cabelo; lévao curto, espenuxado, tratado con algún descoído. Axudado pola luz horizontal da ventá, comproba como a figura de Eme, sentada na cadeira e lixeiramente inclinada sobre a mesa, contrasta co branco deturpado do cuarto. Un cuarto amplo e limpo, pero tamén imper-soal e derregado polo camiñar do tempo.

Pasado un bo anaco, Eme deixa de escribir, estírase como adoitan facelo as gaivotas, érguese, e xira sobre si mesma buscando o acompañante.

- ¡Ah! Xa espertaches. Hai moito? -acertou a dicir queda, co cello pregado, e ollándoo á cara.

Dende esa posición, os seos de Eme apuntan desafiantes directamente aos ollos do home quen, sen contestar, non pode, nin quere, evitar miralos. Son uns peitos redondos, aínda firmes e dun volume tan acertado como outro calquera, coroando un ventre onde todo é vontade por non perder a desencadeada batalla contra a convexidade.

Eme, que se dá conta de cal é o punto de atención na mirada do acompañante, dun brinco colócase ao seu carón na cama, rúballe un bico delgado e saltareiro e, divertida, vaise á ducha...”

O ruído dun coche achegándose interrómpea e obrígaa a levantar a vista; mírao pasar. Tras el pasan outros; tamén os mira. Máis alá, nunha mesa dunha terraza ve-

ciña, acubillada baixo unha antuca, bebe unha parella nova mentres, na inmediata, un grupo alborota e ri. Ao lonxe, indiferentes ás naturais acrobacias das andoriñas que os sobrevoan, cruzan a rúa dous homes en fila india sen, aparentemente, maior relación entre eles cá de coincidir no lugar e na dirección elixida para camiñar. X reconece o segundo, é Miguel Mourinho. Leva lentes contra o sol, protéxese del cun panamá e porta, baixo o brazo, unha barra de pan. A muller inxire máis cervexa e séguese coa vista ata que sae de escena. Durante un tempo, mantense inmóbil. Logo, convencida, decide non romper o caderno; inmediatamente, cesa a anguria. A continuación, convidada pola autocomprancia, toma unha decisión que ata ese intre nin imaxinara.

15 de agosto de 2013

A AMIGA DE X

Camiña ensimesmada, vai por azafrán. X, ao mirala, decátase do seu estado e chámaa. Entón, cruza a praza e acomódase xunto á amiga; sono dende a infancia. María é unha muller formada, volúbel e indecisa que, dende adolescente, moi de vez en cando, sempre despois de tomar unhas copas, enchese de valor e conta algunha pasaxe da súa vida. Nada do outro mundo, pero referido ao universo íntimo. Agora, María vai desnortada dende hai tempo; inda non conseguiu refacerse do lategazo de cando a rotura matrimonial, ben se ve. Vive sen vivir, e para sustentar unha ilusoria fantasía xustificativa de cada novo amencer garda secretas e imposíbeis esperanzas. A diario, habita unha soidade abisal, sen fin.

Pedira un albariño e Ana sérvello acompañado de dous tacos de tortilla de patacas con chourizo; así é Ana. Tempo máis tarde, X interrompe a conversa para ir ao servizo, xa leva dúas cervexas e non é cousa de estourar. María, mentres espera, só por encher o baleiro e sen especial curiosidade, bota man do caderno de capas vermellas da amiga, ábreo, e ponse a ler.

“... Ao tempo que a muller daba estas explicacións, que ben pouco o eran, entra na igrexa un cativo grupo de persoas e, vëndoa falar, achéganse a ela. Eme déixalles o posto aos novos visitantes, estranxeiros segundo comproba, vaise aos pés da nave, e senta na esquina dun banco. Con calma, ponse a contemplar a cubrición de madeira da única cruxía do templo pero ao chegar á capela maior detense: é unha peza orixinal cuxo maior interese reside na planta oval a diferenza doutras, dese mesmo período, con feitío a xeito de ferradura. Sábeo; admíraa.

Estaba nestas cavilacións cando cae na conta da pouca luz existente dentro da igrexa. En realidade, o único foco potente éo a porta lateral, aberta por completo. Próximo a ela situárase o seu acompañante para tomar uns apuntamentos rápidos da ábsida nun pequeno caderno. Dende a posición de Eme, o acompañante queda a contraluz. É un home que se mantén delgado aínda sen selo, co pelo escuro e curto, e algo obstinado de carácter. Un individuo totalmente normal, corrente, que a Eme lle parece algo mellor do

que en realidade é. Está de pé e viste camisa branca, informal e folgada. Ao acompañante de Eme gústanlle moito as camisas brancas.

Eme, véndoo, lembrou aqueles ollos de cor outono que esa mañá se pousaran nela e ao instante, sen procuralo, o corazón empezoulle a latexar máis á présa, e forte, en tanto, baixo o sinxelo e delicado vestido branco, nota como, totalmente descontrolada, van encrespándose os peitos. Axítase. Unha presión cada vez máis rexa percórrea ata rematar instalándose nas tempos; a respiración vai lixeira, case desenfreada. Excítase. Percibe calor na face, sequidade na boca. Finalmente, as pálpebras péchanse mansamente e toda ela se move de xeito leve no banco ao cal inconscientemente se suxeita con forza; sentindo a humidade do sexo, cruza con deleite as pernas. Eme, xa sen remedio, traizo a súa represión carcereira:

- Como me estou a poñer. ¡Foder!. De tantas babas, parezo unha egua en celo. Con que ganas che faría suar cabrón; cariño, quedaríame co último gramo das túas forzas e ca extrema pingueira dos teus líquidos. Agora mesmo. ¡Deus...!- Pensou sen chegar a mover os beizos, pero embargada por un sentimento de culpabilidade. Algo moi seu.

Inesperadamente, de socate, nota como alguén lle toca un ombro, e sobresáltase. Unha componse, xa vellouqueira, do grupo de estranxeiros quería pasar á banda contraria do asento. Eme, descentrada, confusa, colorada e incómoda, atendeuna de mala gana; naquel intre, non eran os intereses daquela muller o que máis a enchía...

Os viaxeiros, comodamente sentados á mesa dun restaurante sen máis valores ca outro calquera de Molinaseca, mentres esperan lles sirvan a cea pedida, conversan sobre a casa rural visitada e elixida apenas unha hora antes, para facer noite. Aínda así, non evitan escoitar como unha desenvolvida e atractiva moza le para a súa compañeira de mesa, e quizais de cama, pasaxes soltas dun pequeno libriño de capas vermellas, escrito por alguén coa intención de ambientar e describir unha viaxe polo Bierzo; son as únicas dúas mesas ocupadas no local. A rapariga estaba a punto de rematar un capítulo cando entra no comedor, outra vez, a camareira francesa portando unha sopeira de porcelana branca e..."

María detense. Automaticamente, como posuída por un furor ao cal se lle recoñece procedencia, asañase co caderno; desfai a metade rachando repetidas veces cada unha das páxinas manuscritas. Despois, volve depositar os restos sobre a mesa. Cando regresa, X dáse conta axiña do que acaba de ocorrer. Non lle é doado topar acougo pero trata de entender a amiga, míraa indefensa, e, malia que ten irreprimibles ganas de matala, pide outra botella de cervexa.

18 de agosto de 2013